

MOCIÓN MUNICIPAL DE VERDEGAIA

Estratexia Municipal fronte ao Cambio Climático

Exposición de motivos:

O cambio climático, consecuencia da intensificación do efecto invernadoiro inducida pola especie humana, é xa unha realidade. O Panel Intergubernamental sobre Cambio Climático (IPCC), adscrito á Organización de Nacións Unidas (ONU) e formado por máis de 2.000 científicos de todo o mundo, asegura que o cambio climático global xa comezou e que as accións para mitigalo e adaptarse a el son urxentes. Os estudos dispoñíbeis até agora amosan que, se non se reducen na medida necesaria as emisións de gases de efecto invernadoiro, o cambio climático inducido tería consecuencias globalmente negativas en Galicia e no conxunto do planeta.

As emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia medraron o 45,9% entre 1990 e 2005, crecemento moi importante que contribúe de forma significativa a que España sexa o estado máis afastado do cumprimento do Protocolo de Quioto. Por outro lado, a nosa terra presenta unhas emisións por habitante que figuran entre as máis altas de Europa e do mundo. Boa parte das emisións teñen lugar nas vilas e cidades, onde vive o 70% da poboación galega, especialmente as emisións dos sectores do transporte, doméstico, comercial e institucional.

A nivel estatal, máis do 50% das emisións de gases de efecto invernadero relacionadas co transporte realízanse en áreas urbanas, na súa meirande parte froito do emprego do automóbil privado. O sector do transporte consome hoxe o 36% da enerxía final a nivel estatal, cunha dependencia do 99% de derivados do petróleo. Existen previsións moi preocupantes que sitúan ao sector do transporte como o de maior crecemento relacionado co consumo enerxético.

O crecemento do consumo enerxético no sectores residencial, comercial e institucional está a ser moi importante, rexistrándose un uso da enerxía pouco eficiente. Isto é particularmente lamentábel no caso dos Concellos e das Administracións públicas en xeral, xa que, por razóns ambientais e económicas, deberían ser exemplos de uso eficiente da enerxía, nos seus edificios e instalacións, no alumeadado público e nos parques de vehículos ao seu servizo.

A comunicación da Comisión Europea relativa a unha Estratexia temática sobre ambiente urbano, que forma parte do Plano de Acción Ambiental da UE en vigor, destaca o papel das zonas urbanas na implementación de medidas para a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro e para a adaptación ao cambio climático. Como áreas prioritarias de traballo para as autoridades locais en materia de gases que causan o cambio climático, a comunicación da Comisión apunta os transportes e a construción.

Perante a gravidade do problema do cambio climático e a necesidade de adoptar medidas urxentes que impliquen a toda a cidadanía, a asociación ecoloxista Verdegaia propón ao Pleno do Concello de ----- a aprobación das medidas

contidas na seguinte moción:

1.- A integración da mitigación e a adaptación ao cambio climático no conxunto das políticas municipais. Para axudar a concretar este obxectivo xeral, o Pleno acorda solicitar o ingreso do Concello na Rede Española de Cidades polo Clima, sección da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).

2.-A elaboración dunha ordenanza sobre a captación e aproveitamento de enerxía solar para usos térmicos e fotovoltaicos que reforce as esixencias contidas no Código Técnico da Edificación.

3.- A realización dunha auditoría enerxética de todas as instalacións e equipamentos municipais e a elaboración dun plano enerxético municipal para a mellora da eficiencia enerxética e para a incorporación progresiva de fontes enerxéticas renovábeis nas instalacións e servizos municipais, en particular da enerxía solar térmica e fotovoltaica.

4.- A realización dunha auditoría do consumo eléctrico do alumado público e a adopción de medidas para o diminuír: adecuación do número de puntos de luz ás necesidades reais, substitución por lámpadas de baixo consumo, diminución do horario de iluminación, etc. En particular, racionalizárase o alumado de monumentos e edificios singulares, utilizando lámpadas de baixo consumo e apagando o alumado a altas horas da noite. Redución drástica da iluminación de rúa durante os acontecementos festivos, tanto en puntos de luz como en intensidade (Nadal, festas patronais,...).

5.- O estudo da creación dunha Axencia Local da Enerxía, para realizar auditorías enerxéticas e elaborar o plano enerxético municipal, informar e prestar asistencia técnica á cidadanía e ás empresas en materia de aforro enerxético e enerxías renovábeis e para desenvolver campañas permanentes de concienciación sobre a urxencia de aforrar enerxía en todos os ámbitos da sociedade.

6.-A redacción dun Plano de Mobilidade Sustentábel no que se inclúa a adopción de medidas de pacificación do tránsito e restrición do uso do vehículo privado (delimitando áreas pechadas ao automóbil, eliminando aparcadoiros no centro, tanto de superficie como soterrados, limitación efectiva da velocidade,...), de forma progresiva e co consenso dos sectores afectados. Ao mesmo tempo, o Plano deberá potenciar os medios de transporte menos consumidores de enerxía e menos contaminantes: a pé, bicicleta, transporte colectivo. O Concello promoverá entre os seus empregados e nas viaxes oficiais o uso de modos de transporte de baixo impacto ambiental.

7.- A planificación urbana integrará medidas que tendan a diminuír as necesidades de desprazamentos (freo á urbanización dispersa e de baixa densidade, mestura de usos,...) e a favorecer os modos de transporte menos intensivos en enerxía e menos contaminantes (marcha a pé, bicicleta, transporte colectivo). Antes de autorizar a instalación dunha grande área comercial, estudarase o seu impacto sobre o tráfico. Nos novos desenvolvementos urbanísticos crearanse áreas residenciais libres de coches.

8.- O imposto sobre vehículos de tracción mecánica penalizará de forma forte a aqueles vehículos con maior consumo enerxético e maiores emisións de dióxido de carbono (CO₂), e de forma moi especial aos vehículos todoterreo non destinados a usos profesionais.

9.- Na contratación de bens e servizos e na adxudicación de servizos municipais, primarase a eficiencia enerxética e o uso de enerxías renovábeis e, en xeral, todos aqueles criterios que favorezan a sustentabilidade, establecendo unha política de contratación pública verde.

10.- O obxectivo prioritario da política de residuos urbanos será a redución en orixe. Paraí so, estudarase unha reforma da taxa de recolla de lixo que incentive a prevención da xeración de lixo e desenvolveranse accións continuadas de concienciación cidadá para favorecer hábitos que reduzan a produción de lixo. Asemade, implantarase progresivamente a recolla selectiva porta a porta. O destino do lixo recollido será a reciclaxe e a compostaxe.

29 de maio de 2006